

PLAN DE CONVIVENCIA



C.E.I.P. Sta. M^a Castro
Cabo de Cruz – Boiro
2021/22 – 2024/2025

1. INTRODUCCIÓN

A convivencia nos centros docentes constitúe un motivo de preocupación crecente, xa que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo, non é posible dar cumprimento ós fins da educación, nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos.

A escola é un lugar de convivencia onde se producen as situacións conflitivas da sociedade, pero tamén as posibilidades de superación e integración que favorecen os ambientes educativos, é dicir, un lugar onde aprender a convivir.

O alumnado que medre, aprenda e madure xunto nun ambiente educativo de sa convivencia, serán cidadáns capaces de asumir as diferenzas, respectar ós outros e dialogar. Unha convivencia óptima nos centros educativos é a base da convivencia posterior en sociedade.

Traballar en convivencia non só é unha necesidade, senón un dereito que temos todas as persoas que formamos a nosa Comunidade Educativa; por este motivo é imprescindible a implicación directa de todos os membros de dita Comunidade no desenvolvemento do Plan de Convivencia do Centro.

Este Plan de Convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

Este documento recollerá todos os aspectos necesarios para lograr un dos obxectivos principais do noso Centro; lograr un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación fluída, aberta e sincera entre todos os membros da Comunidade Educativa.

2. DISPOSICIÓN LEGAIS

Este Plan ten como documentos de referencia para a súa redacción as seguintes disposicións legais:

- LOE (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Protocolo de absentismo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso. Publicado en maio do 2013 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Instrucións do 31 de xaneiro de 2014, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar na comunidade autónoma de Galicia.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN

a) Características do Centro e da Contorna

O C.E.I.P Santa M^a do Castro, é un Centro público situado na localidade de Cabo de Cruz, nunha zona denominada Valiño. O seu asentamento é privilexiado xa que se atopa entre as montañas da Serra do Barbanza e a Ría de Arousa, nunha península situada ó sur do Concello coruñés de Boiro. Esta localización concede ó Centro grandes posibilidades de interacción co medio natural e, ó mesmo tempo, permítenos contar con elementos da contorna ós que se accede con facilidade.

Os núcleos de poboación son bastante dispersos aínda que non nun radio moi alonxado do colexio. A vivenda tipo desta zona é casa unifamiliar en propiedade, normalmente con terra ao redor.

O porto de Cabo de Cruz está en fase de expansión debido á súa gran actividade marítima, xa que a maioría da poboación traballa no mar, sendo o marisco unha parte importante da economía crucense. O sector do marisqueo, coa extracción de diversos bivalvos é o sustento dun número importante de familias. Por outra banda tamén está o sector do cultivo do mexillón en bateas (sector maioritario) e o sector conserveiro e transformador de produtos da mar. Nesta zona tamén son usuais os traballos agrícolas en pequenas propiedades, aínda que esta última ocupación é máis ben para uso familiar e non para comercializar.

A intensa actividade laboral determina que na maioría das familias traballen os dous proxenitores, sendo o nivel económico, en xeral, medio-alto. Este feito positivo, leva parello ás veces unha falta de tempo na atención cara ós fillos repercutindo negativamente no rendemento escolar.

O nivel cultural das familias é medio-alto. Nos últimos anos o nivel de estudos dos/as proxenitores/as subiu considerablemente. Agora a maioría teñen rematados estudos superiores ou algún título de Formación Profesional. A lingua materna é maioritariamente o galego.

A construción do Centro, que data do 1983, mantén en xeral un bo estado de conservación en gran parte grazas á labor do Conserxe; aínda que presenta certas deficiencias propias do desgaste sufrido co paso dos anos.

O noso Colexio consta dun edificio principal, con 16 aulas, Aula de Música, Biblioteca, Ludoteca, Supermercado, Aula de Idiomas, Laboratorio, Aula de Plástica, Aula de Relixión, Aula de Psicomotricidade, Aula de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe e Aula do D. Orientación; outro edificio secundario con 3 aulas de Ed. Infantil e un aula de teatro (este segundo edificio foi de construción posterior) e unha última construción, neste caso edificada polos propios pais, que denominamos “A casiña” e que ten por finalidade realizar dentro dela tarefas que contribúan á coeducación, tales como poñer a mesa, facer as camas, varrer, etc. Tamén a utilizamos como zona de xogo nos recreos que o tempo o permite e para o desenvolvemento dalgunha actividade relacionada cos proxectos que traballamos na etapa de Educación Infantil.

Por outra banda, no recinto escolar hai tres pistas deportivas, unha pista de bolos e unha área, noutros tempos, dedicada a hortos escolares e invernadoiro.

b) Análise da Convivencia no Centro

Para avaliar a situación da convivencia no centro, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria creou no curso 2015/16 uns cuestionarios para ser cubertos on-line polos distintos membros da comunidade educativa; sendo a participación moi escasa (19 alumnos, 7 mestres e 11 familias). Partindo destes cuestionarios, no noso Centro elaboramos outros en formato papel para o curso escolar 2016/17 no que a participación foi moito máis elevada (105 alumnos de primaria, 95 familias e 16 mestres), Recollemos estes datos e os engadimos ó final deste documento como un Anexo. Durante o presente curso escolar a Consellería creou novamente estes cuestionarios pero aínda non temos os resultados. Dos últimos resultados obtivemos as seguintes conclusións:

Respecto ó alumnado, máis do 60% ten entre 5-7 ou máis amigos tanto da súa clase como doutros niveis educativos; case todos consideran que o material está bastante ou moi coidado. Os problemas que aprecian no Centro son o roubo de materiais, as pintadas que se fan en paredes e mobiliario e que se tira lixo ó chan. En canto á forma de resolver os conflitos a inmensa maioría opta por falar co mestre e aceptar os seus consellos. Máis da metade do alumnado considera que as actitudes positivas na aula se repiten con bastante ou moita frecuencia, mentres que as negativas non se dan nunca ou con moi pouca frecuencia. Sinalan o recreo e o transporte escolar como os espazos onde máis conflitos se producen, aínda que a frecuencia dos mesmo é baixa. Case un 62% aseguran non ter sido vítima de acoso escolar, fronte a un 38% que aseguran que si; destes 38% a maioría opta por pedirlle axuda a un compañeiro e non ós adultos (familiares ou profesorado). Máis da metade destas situacións de acoso prodúcense entre nenos da mesma clase. Un 13% do alumnado asume que nalgunha ocasión actuou como agresor nunha ou máis situacións de acoso escolar. En canto ás sancións impostas o máis sinalado polo alumnado é quedarse sen recreo. Unha inmensa maioría (case o 90%) síntese libre para poder dicir a súa opinión sobre as decisións que se toman tanto a nivel de aula como de Centro.

Respecto ás familias a máis dun 88% gustaríalle que o seu fillo rematase unha carreira universitaria. En canto á convivencia no noso Centro o 60% considera que segue igual que en anos anteriores, e case o 40% restante pensa que mellorou lixeiramente ou moito, de feito, o 94% opinan que non existen problemas de convivencia no noso Centro e se hai algún é de xeito puntual; e aprecian que se respecta o material tanto individual como o común. A nivel xeral valoran como boa a formación en materia de convivencia escolar tanto a nivel individual como relativa a toda a comunidade educativa. En relación á súa participación activa no Centro amosan interese e fan un seguimento continuado da evolución dos seus fillos, teñen confianza no profesorado e a maioría considera que dende o Centro se lles escoita e que se intenta chegar a acordos. Recoñecen que participan pouco tanto na APA como nos órganos colexiados do Centro, pero séntense que forman parte dunha Comunidade Escolar cun proxecto común. É moi destacable que o 100% das familias coincide en que os seus fillos non lles contan as cousas que lles

ocorren na clase. Un 9,5% sinala que o seu fillo foi vítima de acosos escolar, asegurando padecer agresións físicas, verbais, exclusións do grupo, alcumes e obrigándolles a facer cousas que non queren. Un 15,8% reflicte que o seu fillo foi autor ou coautor dalgunha agresión, sinalando as agresións físicas e verbais como principal causa, así como negarse a facer as tarefas asignadas. Ante estas situacións as familias tratarían de axudar ós seus fillos falando con eles, cos titores e algúns coas familias do alumnado implicado nas agresións. Apenas o 50% coñece os documentos ou as actuacións relativas á convivencia do noso Centro. Esa porcentaxe aumenta notablemente ó preguntar sobre os profesionais que traballamos no Centro, aínda que para nós é moi destacable que haxa 7 familias que non coñecen ó titor dos seus fillos. Un 99% asegura apoiar as decisións que toma o titor sobre o comportamento de seu fillo, e o 100% considera estar informado sobre os eventos especiais que se realizan no Centro. Un 95% asegura estar satisfeito co Centro ó que asiste o seu fillo.

Respecto ó profesorado a maioría considera que a convivencia no Centro nos últimos 3 anos segue igual ou mellorou lixeiramente. O 100% considera que ou non existen problemas de convivencia ou que se os hai son de xeito puntual, e que case sempre se coidan os materiais e as instalacións do Centro, sinalando como principais problemas relacionados con este ámbito a realización de pintadas en mesas, cadeiras, etc, o roubo de materiais e que se tira lixo ó chan. En canto á resolución destes conflitos o profesorado decántase por chamar ás familias, aplicar medidas correctoras, dialogar co alumnado e tratar os problemas tanto individualmente como a nivel de aula. Na relación coas familias moitos sinalan que estas amosan interese sobre os estudos dos seus fillos, aínda que defiren respecto ó seguimento que estas realizan sobre a evolución escolar: uns sinalan que é continuado, outros que só cando os chaman e outros que só teñen interese polas notas.

Sobre a organización e uso dos espazos o 92% recoñecen que están reguladas no N.O.F.C., pero só o 42% considera que se cumpren as normas sobre o seu funcionamento. Só o 70% dos mestres coñece o 100% dos documentos do Centro. Respecto á formación persoal en materia de convivencia escolar consideran que é regular.

Da análise de todas as enquisas recollidas podemos concluír que no noso Centro non existen grandes problemas de convivencia, e os que existen danse de xeito puntual, abordándose os mesmos conxuntamente entre o alumnado, familias e profesorado; e que a maioría dos membros da Comunidade Educativa (máis dun 90%) séntese a gusto e libre no Centro.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1.- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- 2.- Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas por ningún motivo.
- 3.- Previr e tratar as situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- 4.- Facer corresponsables ás nais e pais ou as titoras ou titores no mantemento da convivencia no noso Centro, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas .
- 5.- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- 6.- Mellorar a comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou as titoras/es, para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos/as .
- 7.- Desenvolver no alumnado as habilidades relacionadas coa empatía e as habilidades sociais, con especial énfases na autoestima e na estima ós demais.
- 8.- Formar ó profesorado, alumnado e familias en estratexias de resolución de conflitos.
- 9.- Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o diálogo, co esforzo conxunto do profesorado e alumnado.
- 10.- Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só despois de esgotar as estratexias motivacionais e educativas.
- 11.- Diminuír o absentismo escolar no centro.

5. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA; E CONCRECIÓN DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, AS PERSOAS DESTINATARIAS E OS PROCEDEMENTOS DE DESARROLLO E EXECUCIÓN DAS MESMAS.

A convivencia nun Centro Educativo non pode abordarse de forma illada, senón que é algo que está implícito en todos os aspectos da realidade na que se desenvolve o proceso educativo. Non só se trata de realizar accións que favorezan a convivencia no Centro, senón que debemos contribuír a que o alumnado do noso Centro adquira e interiorice uns valores que lle permitan vivir en convivencia en calquera ámbito da súa vida.

- **No ámbito organizativo:** Establécense medidas encamiñadas a “custodiar” ó alumnado nos tempos nos que non están baixo a tutela dun mestre en concreto, evitando así posibles conflitos entre eles.
- ✓ **Nas entradas e saídas:** Todos os días hai varios mestres de garda durante os 15 minutos antes da hora de entrada e nos 15 minutos posteriores á hora de saída. Estes mestres son os encargados de vixiar que todo o alumnado entre/saia do Centro de forma axeitada e de que non haxa conflitos entre o alumnado durante estes períodos de tempo.
- ✓ **Nos tempos de lecer:** Todos os días hai 6 mestres de garda durante o tempo do recreo, distribuídos polas distintas zonas de infantil e primaria.
- ✓ **Cambios de clase:** Durante os intercambios de clase procurarase que o alumnado non quede só en ningún momento. De ser imprescindible que o alumnado quede só para que sexan os mestres os que realicen o intercambio entre si, terase en conta a idade dos alumnos, sendo os de menor idade os que estean acompañados ata que chegue o mestre correspondente.
- ✓ **Transporte Escolar:** As tres liñas de transporte que temos no noso Centro contan con monitores que acompañan ó alumnado durante todo o traxecto. Existe unha estreita comunicación entre os monitores e a dirección do Centro á hora de notificar incidencias.

O órgano responsable da organización destas medidas é o Equipo Directivo, aínda que a súa posta en práctica é responsabilidade de todos os membros do Claustro. Os destinatarios son o alumnado do noso Centro.

➤ **No ámbito curricular:**

- ✓ **Titorías:** Nalgúns niveis de primaria estanse levando a cabo as titorías co alumnado nas que se trata a resolución pacífica de conflitos. Abórdanse os conflitos que teñen os rapaces, explicando como se senten todas as partes implicadas e propoñendo solucións.
- ✓ **Taller de emocións en educación infantil:** Nos tres niveis de Educación Infantil está programado un Taller de emocións que se desenvolve durante unha hora semanal en cada aula. Neste taller trabállase co alumnado a identificación das emocións nun mesmo e nos demais e a resolución pacífica de conflitos.
- ✓ **Actividades Complementarias:** Ó longo do curso prográmanse algunhas actividades complementarias a nivel de Centro nas que se traballan aspectos que consideramos imprescindibles para mellorar a convivencia a nivel social: “Día Contra a Violencia de Xénero”, “Semana da Diversidade”, “Día da paz”, “Día da muller”... Con estas conmemoracións intentamos facer conscientes ós alumnos dalgunhas problemáticas, traballando activamente pola erradicación dalgunhas na nosa sociedade, e pola integración de tódalas persoas.

O órgano responsable da organización destes programas é o Claustro e os destinatarios son o alumnado do noso Centro.

➤ **Formación a cargo de Organismos Externos ó Centro:** Organízanse algunhas actividades de formación destinadas ó alumnado, ó profesorado e ás familias. O órgano responsable de dita organización é o Equipo Directivo en colaboración cos mestres do Centro e cos organismos encargados de impartir dita formación (Garda Civil, Policía Local, Cruz Vermella, ASPERGA, CAFI, FAXPG, Gabinetes psicopedagóxicos)

❖ Formación destinada ó Alumnado:

- Plan Director para a mellora da Convivencia e a seguridade nos centros educativos e a súa contorna: Solicítase todos os anos unha charla formativa para o alumnado de 5º e 6º que imparte a Garda Civil. A temática varía cada ano, podendo ser sobre o Acoso Escolar, o perigo do uso do internet, a violencia de xénero, etc.
- Programa de Educación Ambiental: Organizado pola Cruz Vermella para o alumnado de 3º de Educación Primaria, no que se traballa co alumnado o coidado do medio ambiente.
- Programa de Educación Viaria: Organizado pola Policía Local de Boiro, no que se traballa co alumnado de 4º de Educación Primaria diferentes aspectos relacionados coas normas de educación viaria e o respecto ós demais neste ámbito.
- Charlas ou actividades de inclusión: Teatros en lingua de signos, teatros con persoas con diferentes discapacidades, obradoiros de xogos inclusivos.
- Obradoiros con distintas temáticas: Os cambios na pubertade, Resolución de Conflictos, Xestión emocional...

❖ Formación destinada ó Profesorado:

- Plan Director para a mellora da Convivencia e a seguridade nos centros educativos e a súa contorna: Solicítase todos os anos unha charla formativa para o profesorado que imparte a Garda Civil. A temática varía cada ano, podendo ser sobre o Acoso Escolar, o perigo do uso do internet, a violencia de xénero, etc; e coincide coa temática que se lle imparte ó alumnado.
- Charlas sobre igualdade, inclusión, etc, a cargo de distintos organismos.
- PFPP dos Contratos Programa: Inclue-T, Igualada-T, Emociona-T, Convive e Promoción do Deporte no horario escolar.

❖ Formación destinada ás familias:

- Plan Director para a mellora da Convivencia e a seguridade nos centros educativos e a súa contorna: Solicítase todos os anos unha charla formativa para as familias que imparte a Garda Civil. A temática varía cada ano, podendo ser sobre o Acoso Escolar, o perigo do uso do internet, a violencia de xénero, etc; e coincide coa temática que se lle imparte ó alumnado e ó profesorado.

➤ **Actividades en Colaboración coas familias:**

- Magosto e Samaín: Celébranse o mesmo día e as familias participan na exposición de cabazas e no asado de castañas.
- Talleres propostos pola APA: A APA do noso Centro organiza uns talleres en Nadal e Entroido para desenvolver coas familias e o alumnado.
- Festival Nadal: Organízase un Festival no que participa todo o alumnado e ó que están invitadas todas as familias do Centro.
- Entroido: Celébrase o Entroido cunha xornada de portas abertas para que as familias poidan gozar do desfile. Todos os que o desexan colaboran aportando doces típicos destas datas que se acompañan cunha chocolatada que ofrece a APA do Centro.
- Semana Cultural: A maioría das actividades propostas para a esta semana están abertas á participación de toda a Comunidade Educativa.
- Feira Temática e Xantar de Convivencia, sendo un día de portas abertas para que as familias poidan participar.
- Festa de Fin de Curso: Día en que se abren novamente as portas do Centro para facer partícipes á familia das actividades organizadas como despedida do curso escolar.

6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO PARA O ACOSO ESCOLAR

Terase como referente o “Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso” editado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia en maio do 2013.

❖ IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima:

- ✓ A existencia da intención de facer dano.
- ✓ A repetición das condutas agresivas.
- ✓ A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

❖ PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

a) COÑECEMENTO DA SITUACIÓN, IDENTIFICACIÓN E COMUNICACIÓN.

- ✓ *Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar:* Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias ou persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de acoso ten a obrigaón de poñelo en coñecemento do/a titor/a do alumno e da dirección do Centro. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.
- ✓ *Rexistro da información:* Rexistrarase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar empregando o Anexo I do protocolo Xeral editado pola Xunta.
- ✓ *Medidas urxentes de protección á presunta vítima:* A dirección do Centro establecerá as medidas urxentes de protección á presunta vítima:
 - Vixilancia específica das persoas indicadas.

- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o acoso.
 - Medidas cautelares que impidan o contacto entre vítima/s e agresor/es.
 - ✓ *Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.* (Anexo II do protocolo Xeral da Xunta).
 - ✓ *Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado* (Anexos III e IV do Protocolo Xeral da Xunta).
 - ✓ Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (Anexo V do Protocolo Xeral da Xunta)
 - ✓ Comunicación a outros profesionais educativos ou a outros axentes externos (Anexo VI do Protocolo Xeral da Xunta)
- b) **RECOLLIDA DA INFORMACIÓN.** (Anexo VII do Protocolo Xeral da Xunta)
Trátase de recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.
- ✓ Entrevista individual á vítima (Anexo VIII do Protocolo Xeral da Xunta)
 - ✓ Entrevista individual ó/s acosador/es (Anexo IX do Protocolo Xeral da Xunta).
 - ✓ Entrevista individual ás persoas observadoras (Anexo X do Protocolo Xeral da Xunta)
 - ✓ Entrevista individual ás familias da vítima e do/s acosador/es (Anexos XI e XII do Protocolo Xeral da Xunta, respectivamente)
 - ✓ Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do Departamento de Orientación (Anexo XIII do Protocolo Xeral da Xunta).
 - ✓ Solicitud de Asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos externos (Anexo XIV do Protocolo Xeral da Xunta)
- c) **ANÁLISE DA INFORMACIÓN E ADOPCIÓN DE MEDIDAS.** Analízase toda a información recollida e o responsable da tramitación informa á dirección do Centro, que decidirá se se trata dun caso de acoso escolar ou non e acordará as medidas que cómpre adoptar.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrución dun expediente disciplinario (no caso de ter que abrir un expediente disciplinario non poderán pasar máis de 12 días dende o coñecemento da agresión). Unha vez iniciada a tramitación notificaráselle ó alumnado implicado, ás familias, á Inspección Educativa e ó Profesorado titor de dito alumnado.

Cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando non sexamos capaces de abordar o problema dende o Centro, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servicios competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...)

Unha vez analizada a información a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas (Anexo XVI do Protocolo Xeral da Xunta), que terán un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ó cambio de actitude e á reparación do dano causado.

✓ *Medidas de Protección á vítima:*

- Vixilancia específica das persoas implicadas.
- Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento do seu fillo.
- Asignación dunha persoa responsable de apoio e atención á vítima.
- Reorganización do horario do profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
- Facer seguimento da situación.
- Realizar titorías individuais ou colectivas nas que se aborde a problemática, posibles solucións, etc.
- Realización de actividades enfocadas á mellora das habilidades sociais.
- Organización de grupos de axuda entre iguais.
- De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa/s acosadora/s.
- Derivar a servicios profesionais especializados externos ás persoas implicadas.

✓ *Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s:*

- Elaboración por parte do Departamento de Orientación dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos (esta opción suspende o inicio do procedemento disciplinario que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa).
- Formación de Equipos de Mediadores.
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión...
- Desenvolvemento da capacidade de empatía.
- Programas de modificación da conduta.
- Solicitud de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos/as.
- Derivación a servizos especializados externos.

✓ *Medidas correctoras para a/s persoa/s agresora/s:*

- Realización de tarefas que contribúan á mellora e ó desenvolvemento das actividades do Centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de tempo de entre 15-30 días.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito a asistencia a determinadas clases de 4 a 15 días.
- Suspensión do dereito de asistencia ó centro de 4 a 30 días.
- Cambio de Centro.

d) SEGUIMIENTO E ADOPCIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS: Unha vez adoptadas as medidas previstas levarase a cabo un seguimento das mesmas coa intencionalidade de que non se volvan a repetir as conductas contrarias á convivencia, e de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas.

❖ ESTRATEGIAS DE PREVENCIÓN

a) NO CENTRO:

- ✓ Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOF.
- ✓ Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- ✓ Abordar o tema da convivencia nas reunións mensuais dos Equipos Docentes.
- ✓ Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- ✓ Organización do Centro que fomente a inclusión.
- ✓ Rexistro dos conflitos que se producen no Centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do Centro.
- ✓ Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- ✓ Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións...
- ✓ Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- ✓ Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- ✓ Promover encontros, conferencias e obradoiros para toda a Comunidade Educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.

b) NA AULA:

- ✓ Facer partícipe ó alumnado da elaboración das normas de convivencia para a súa aula e informarlle das normas de convivencia do Centro incluídas no Plan de Acción Titorial.
- ✓ Realizar actividades de titoría programadas tanto para abordar a resolución de conflitos como a súa prevención.

- ✓ Realizar un seguimiento do clima relacional da aula.
- ✓ Manter relacións periódicas coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.

7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

a) DEREITOS DO ALUMNADO: Respetaranse os dereitos do alumnado nos seguintes termos:

- ✓ á integridade física,
- ✓ á liberdade de conciencia,
- ✓ á intimidade,
- ✓ á liberdade de expresión e confidencialidade,
- ✓ a ser escoitados,
- ✓ á participación na elaboración das normas de convivencia,
- ✓ ó coñecemento das normas de funcionamento e de convivencia,
- ✓ á compensación das desigualdades,
- ✓ á atención personalizada.

b) DEBERES DO ALUMNADO: O alumnado ten o deber de:

- ✓ Respetar a liberdade e integridade dos demais membros da comunidade educativa.
- ✓ Non discriminar por razóns de sexo, raza, etnia, discapacidade, relixión ou orientación sexual.
- ✓ Respetar ás figuras de autoridade.
- ✓ Asistir regularmente e con puntualidade a clase.
- ✓ Participar, colaborar e implicarse nas actividades de centro (lectivas e non lectivas).
- ✓ Respetar os recursos e as instalacións.
- ✓ Respetar os dereitos dos compañeiros á educación.
- ✓ Respetar as normas democráticas de convivencia.

c) OBRIGAS DO CENTRO COAS FAMILIAS:

- ✓ Entregaráselles un boletín informativo ó principio de curso que recolla un resumo do calendario escolar e das normas de funcionamento do Centro.

- ✓ Enviaráselle notas ou mensaxes informativas puntuais.
- ✓ Manterase, polo menos, unha reunión colectiva por nivel ó principio de cada curso.
- ✓ Prestarase atención individual na hora de atención ás familias contemplada no horario do profesorado.
- ✓ Facilitarase a atención individual tentando conciliar os horarios das familias e mestres.
- ✓ Poranse os medios para que as actividades da ANPA e as do Centro vaian coordinadas.
- ✓ Facilitaráselle os medios e os espazos que precise a ANPA para desenvolver as súas programacións.

d) OBRIGAS DAS FAMILIAS CO CENTRO:

- ✓ Colaborar na tarefa conxunta de formación dos seus fillos/as.
- ✓ Corresponsabilizarse das obrigas dos seus fillos/as respecto do cumprimento dos seus deberes: traer o material, realizar os deberes, dedicarlle un tempo diario ó estudio, asistir ás clases...
- ✓ Solicitar información periodicamente sobre o desenvolvemento da actividade educativa dos seus fillos/as, co fin de que na labor educativa dos nenos e nenas, familia e escola traballemos conxuntamente nunha mesma liña.
- ✓ Manter informado ó profesorado das incidencias que repercutan na formación dos seus fillos.
- ✓ Ser respectuosos cos horarios de entradas e saídas.
- ✓ Ser respectuosos co cumprimento das normas do Centro.
- ✓ Ter sempre presente que a asistencia do alumnado ó colexio é obrigatoria, agás en casos xustificados, incluso cando as actividades programadas non sexan estritamente lectivas.
- ✓ Responsabilizarse de subsanar os desperfectos que, intencionadamente ou por non poñer o coidado debido, ocasionen os seus fillos nos bens do Centro.

e) NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO NO CENTRO:

- ✓ Procurarase a resolución pacífica dos conflitos mediante o diálogo.
- ✓ Informarase a toda a Comunidade educativa (alumnado, familias e profesorado) das normas de Organización e Funcionamento.
- ✓ Establecerase unha distribución de patios e pistas deportivas para os tempos de recreo do alumnado, procurando un uso equitativo das mesmas.
- ✓ Estableceranse quendas rotativas para o profesorado de atención ó alumnado nas entradas e saídas do Centro, e durante o recreo nas zonas dos patios, na biblioteca e na ludoteca. (Varían cada ano e poden consultarse na PXA)
- ✓ Estableceranse uns horarios para a utilización dos seguintes espazos durante o horario lectivo: Biblioteca, Aula de informática, Aula de Plástica, Supermercado e Laboratorio.
- ✓ Estableceranse unhas normas específicas para a aula de informática.
- ✓ Estableceranse unhas normas específicas para a biblioteca.
- ✓ Subiranse e baixaranse as escaleiras camiñando, de forma ordenada, sen gritar e sempre polo lado dereito.
- ✓ Durante o recreo está prohibido subir ás aulas.
- ✓ Nos actos que se realicen na biblioteca nos que participen varios niveis gardarase silencio.

8. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓN

As conductas contrarias á convivencia estarán tipificadas, segundo a súa gravidade en leves, graves ou moi graves. As sancións e os órganos competentes en cada caso, recollidos no NOF do CEIP Santa María do Castro, son:

❖ **FALTAS LEVES E MEDIDAS DE CORRECCIÓN:** Considéranse leves as seguintes conductas que son contrarias ás normas de convivencia marcadas no NOFC do Centro:

- ✓ Faltas inxustificadas de puntualidade e/ou asistencia á clase.
- ✓ Asistir á clase sen o material necesario, sen xustificación.
- ✓ Falta reiterada de atención ás explicacións do profesorado.
- ✓ Falta de colaboración sistemática do alumnado na realización das actividades curriculares.
- ✓ Actos e conductas que perturben o desenvolvemento normas das actividades da aula.
- ✓ Trato incorrecto cara outros membros da comunidade educativa.
- ✓ Falta de hixiene persoal, previa advertencia.
- ✓ Danos leves ás instalacións ou material do Centro ou das persoas.
- ✓ Vestir de xeito indecoroso e/ou negarse a descubrir a cabeza (viseras, gorras, panos, etc.

Cando as faltas que atentas ás normas de convivencia son leves, pódense impoñer algunha das seguintes sancións:

- ✓ Amoestación oral ou escrita.
- ✓ Privación do recreo.
- ✓ Comparecencia ante o/a Xefe/a de Estudos.
- ✓ Realización de tarefas que contribúan á mellora das actividades do Centro ou a reparar o dano causado nas instalacións ou material.
- ✓ Tempo fóra da aula.
- ✓ Cambio de grupo do alumno.

- ✓ Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do Centro.
- ✓ Faltas de orden.
- ✓ Non permitir a entrada na aula ata a seguinte sesión (en caso de faltas de puntualidade reiteradas)

Considérase competente para resolver unha falta leve o/a mestre/a titor/a ou calquera outro mestre que estea a cargo do alumnado.

❖ **FALTAS GRAVES E MEDIDAS DE CORRECCIÓN:** Considéranse así as condutas do alumnado que resulten moi prexudiciais para a convivencia no Centro:

- ✓ Reincidencia en faltas leves: a acumulación de 3 faltas leves dará lugar a unha falta grave.
- ✓ Falta de normas elementais de educación.
- ✓ Saír do recinto escolar sen permiso.
- ✓ Reiteración nun mesmo curso escolar de condutas contrarias ás normas de convivencia do Centro.
- ✓ Actos de indisciplina, injurias ou ofensas graves contra os membros da Comunidade Educativa.
- ✓ Agresión grave física ou moral contra os demais membros da comunidade educativa ou discriminación grave.
- ✓ Falsificación de documentos académicos e/ou suplantación de personalidade.
- ✓ Danos graves causados por uso indebido ou intencionado nas instalacións, material ou documentos do Centro u en bens doutros membros.
- ✓ Incumprimento das sancións impostas.
- ✓ Condutas que dificulten ou impidan a outros compañeiros o dereito á educación.
- ✓ Incitación á comisión dunha falta contraria ás normas de conduta.

- ✓ Uso indebido de medios electrónicos durante as horas lectivas que perturben a vida académica ou lesionen os dereitos da Comunidade Educativa.
- ✓ Uso ou introdución no Centro de obxectos ou substancias prexudiciais para a saúde ou perigosas.
- ✓ Gravación, publicidade ou difusión a través de calquera medio ou soporte de agresións ou humillacións cometidas.

As medidas de corrección para as condutas graves son competencia do/a director/a do centro. Para a súa imposición é necesario tramitar previamente unha audiencia co alumno e cos seu pais ou titores legais, que en caso de desacordo poden reclamar contra as sancións impostas no prazo que determine o colexio. Algunhas das correccións aplicables no caso das faltas graves son:

- ✓ Realización de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro ou a reparar o dano causado nas instalacións ou material.
- ✓ Suspensión do dereito de participación nas actividades extraescolares por un período máximo de 3 meses.
- ✓ Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ó Centro por un prazo máximo de 3 días. Nestes casos, o alumno debe realizar actividades de formación para que non se interrompa o seu proceso educativo.

❖ **FALTAS MOI GRAVES E MEDIDAS DE CORRECCIÓN:** Son consideradas faltas moi graves a acumulación de 3 faltas graves.

As medidas de corrección para as faltas moi graves son competencia da Comisión de Convivencia do Centro. Para a súa imposición é necesario tramitar previamente unha audiencia co alumno e cos seus pais ou titores legais, que en caso de desacordo poden reclamar contra as sancións impostas no prazo que determine o Centro. As sancións aplicables nestes casos son:

- ✓ A expulsión do centro por un período de 2 a 4 semanas.

- ✓ Cambio de Centro. Neste caso, a administración competente debe garantir un posto escolar ó alumno noutro Centro Educativo.

As correccións deben ter un carácter educativo e recuperador. Terán en conta tamén a idade do alumnado e as súas circunstancias persoais, familiares ou sociais.

As correccións poden atenuarse se se dan unha serie de circunstancias, como o recoñecemento por parte do alumno e a reparación espontánea do dano ocasionado ou a petición de excusas, pero tamén poden agravarse se hai premeditación e reiteración na comisión de faltas, se os danos prexudican a compañeiros menores de idade ou acabados de chegar ó Centro ou se implican calquera tipo de discriminación por motivos de raza, sexo, etnia, discapacidade, relixión ou orientación sexual.

As familias poden reclamar nun prazo de 10 días se están en desacordo coas sancións impostas.

❖ **MEDIDAS SOBRE A PUNTUALIDADE E O ABSENTISMO ESCOLAR**

Cando un alumno chegue máis de 10 minutos tarde despois da hora de entrada, o pai/nai ou titor legal pasará por Secretaría a firmar e consignar os motivos do retraso. Tamén deberán asinar cando recollan ó alumnado antes da hora de saída.

Cando un alumno/a presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ó 10% do horario lectivo dun mes, informarase á familia de que se iniciará a apertura dun expediente de absentismo escolar.

Os modelos de xustificación de control de puntualidade, recollida de alumnos e faltas de asistencia son os seguintes:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P. "Sta. María do Castro"

Valiño, 55 – Cabo de Cruz
15939 BOIRO
☎ 981.846.555 Fax: 981.847.817
ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/

CONTROL DE PUNTUALIDADE CEIP. SANTA Mª DO CASTRO

D/Dna. _____

RELACIÓN CO ALUMNO/A _____

TRAE A/O ALUMNO/A _____

ÁS _____ horas.

MOTIVO: _____

DATA: _____ SINATURA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P. "Sta. María do Castro"

Valiño, 55 – Cabo de Cruz
15939 BOIRO
☎ 981.846.555 Fax: 981.847.817
ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/

XUSTIFICANTE DE RECOLLIDA DE ALUMNOS
CEIP. SANTA Mª DO CASTRO

D/Dna. _____

RELACIÓN CO ALUMNO/A _____

RECOLLE A/O ALUMNO/A _____

ÁS _____ horas.

MOTIVO: _____

DATA: _____ SINATURA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.I.P. "Sta. María do Castro"

Valiño, 55 – Cabo de Cruz
15939 BOIRO
☎ 981.846.555 Fax: 981.847.817
[ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/](mailto:ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es)
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantamariacastro>

XUSTIFICANTE DE FALTAS DE ASISTENCIA

Don/Dona _____
comunica que o/a alumno/a _____
faltou ou vai faltar ao cole o día* _____
debido a _____

Asinado:

- Sinalar se falta todo o día ou algunha sesión.

9. COMISIÓN DE CONVIVENCIA:

Tal e como establece o artigo 6 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, *“a comisión de Convivencia ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no decreto mencionado anteriormente, no Plan de Convivencia e nas Normas de Convivencia de cada Centro.”*

- COMPOSICIÓN:

A actual comisión de convivencia constituíuse na reunión celebrada en decembro de 2018, sendo os seus integrantes:

- ✓ Representantes dos pais:

Alicia Rodríguez Castro

Aurora Pérez de la Cruz

Mario Vidal Gómez

Pablo Chouza López

- ✓ Representantes do profesorado:

Lucía Abad Sánchez (Directora)

Ana María Places Viturro (Xefa de estudos)

Mª Reyes Fernández Neira (Secretaria)

Belén Fernández Fernández

Fco. Javier Míguez Mato

Alba León Martínez

Urko Unzueta Fernández

- ✓ Representante do Persoal da Administración e Servizos:

José Joaquín Fernández Toucedo

- ✓ Representante do Concello:

Raquel Suárez Regades

- **PERIODICIDADE DAS REUNIÓNIS:**

A Comisión de Convivencia manterá 3 reunións anuais de carácter común, unha por trimestre e, con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, a iniciativa propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

- **PLAN DE ACTUACIÓN**

A Comisión de Convivencia actuará nos seguintes campos:

- ✓ Elaboración do Plan de Convivencia do Centro.
- ✓ Adopción das medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da Comunidade Educativa e o cumprimento das normas de convivencia do Centro.
- ✓ Impulso de accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

- ✓ Proposición ao consello escolar das medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- ✓ Proposición, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- ✓ Coñecemento do cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e información ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- ✓ Seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- ✓ Elaboración dunha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- ✓ Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS DO CENTRO, FAMILIAS, OTROS CENTROS U ORGANISMOS DA CONTORNA.

a. Mecanismos de coordinación e colaboración internos do Centro:

Os protocolos, gardas de recreos e transporte antes mencionados, son coñecidos por todo o profesorado e están debidamente expostos para quen precise consualos.

Durante o curso escolar realízanse unhas reunións mensuais de Equipos Docentes (Infantil / 1º- 2º- 3º de Primaria / 4º - 5º - 6º de Primaria), nas que se abordarán todos os problemas relativos á convivencia, así como as posibles solucións. Estes problemas trasladaranse posteriormente ás reunións de Claustro, co fin de que todo o profesorado do Centro estea totalmente informado do que acontece e das decisións tomadas.

Será de obrigado cumprimento para todos as normas establecidas e o acatamento das sancións acordadas, tanto para os que as teñen que cumprir como para os encargados de supervisar o seu cumprimento.

b. Mecanismos de coordinación e colaboracións coas familias:

As familias estarán informadas das normas do Centro a través das reunións de inicio de curso e das titorías individuais que se realicen ó longo do ano escolar. Cando xurda algún problema informarase ás familias do alumnado implicado tanto do problema como das medidas correctoras impostas, a través da súa citación para acudir a unha reunión co/a titor/a ou co/a titor/a e o Equipo Directivo segundo se estime oportuno en cada caso. Estas reunións non só serán informativas, senón que se intentará chegar a acordos para que o traballo do profesorado e o dos pais relativo á corrección das condutas contrarias á convivencia vaia na mesma liña, co fin de optimizar os resultados na educación deste alumnado.

c. Mecanismos de coordinación e colaboración con outros Centros u organismos da contorna:

Prestarase especial atención a toda a información e documentos que o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia publique na páxina web da Xunta.

Dende hai varios anos colaboramos coa Cruz Vermella de Boiro, que imparte unhas sesións no Centro sobre diferentes temas transversais que afectan directamente á convivencia. Con este organismo mantemos varias reunións anuais co fin de coordinar toda a tarefa que se realiza co alumnado resultando deste modo o máis proveitosa posible para todos.

Tamén colaboramos coa Policía Local, que imparte varias sesións de Educación Viaria. Con este organismo tamén mantemos varias reunións de coordinación.

Cos outros Centros educativos do Concello de Boiro realizamos algunhas actividades conxuntas, fundamentalmente deportivas, as cales se coordinan a través de diferentes reunións entre o profesorado de Educación Física e o Concelleiro de Deportes.

Por último mencionar a coordinación cos institutos, principalmente co Da Cachada, ó que está adscrito o noso Centro, co que mantemos unha estreita comunicación e intercambio de información co fin de que a adaptación do alumnado que sae do noso Centro para ese instituto sexa a mellor posible. Realizamos tamén unha visita co alumnado no mes de xuño para que coñezan as instalacións do que será o seu futuro Centro Educativo.

Cando sexa necesario solicitarase, seguindo as canles regulamentarias, a colaboración dos Servizos Sociais do Concello, e máis en concreto da educadora familiar, así como doutros profesionais, segundo o problema a tratar.

A Inspección educativa supervisará o presente Plan de Convivencia e prestará asesoramento cando a ocasión así o requira.

11. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN

O Plan de Convivencia, unha vez aprobado polo Consello Escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da Comunidade Educativa. O Centro Educativo garantirá a súa difusión a través das seguintes canles:

- Ó Consello Escolar onde se aprobou.
- Ó alumnado, mediante o traballo a nivel de aula (Información + Formación).
- Envío o Profesorado do Centro a través do correo electrónico e cun exemplar en formato papel a disposición de quen o queira consultar.
- Ás familias, informando nas reunións de inicio de curso.
- Publicándoo na Páxina Web do Colexio:

www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariacastro/

12. PROCESOS PARA O SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.

A partir da memoria final do Plan Anual revisaremos o Plan de Convivencia para seguir axustando o mesmo e introducindo as melloras necesarias no ámbito da convivencia. Será a Comisión de Convivencia quen faga o seguimento e avaliación deste Plan.

A avaliación do Plan farase partindo dos obxectivos propostos, valorando o seu grao de consecución e tendo en conta o desenvolvemento de todo o proceso. Os responsables desta avaliación serán en primeiro lugar a Comisión de Convivencia, o Equipo Directivo e o Consello Escolar, coa participación de todos os sectores da Comunidade Educativa.

Logo da avaliación do Plan de Convivencia, e en vista dos obxectivos acadados, a Comisión de Convivencia arbitrará un procedemento para que os demais estamentos do Centro (Claustro de profesores, ANPA, alumnado...) realicen as propostas de mellora que consideren oportunas para incluír na Memoria Final, que se realizará ó final de cada curso pola Comisión de Convivencia.

O Consello Escolar en Pleno, por proposta da Comisión de Convivencia, aprobará ó final de cada curso escolar a Memoria Anual do Plan de Convivencia, que formará parte da Memoria Anual do Centro.

Correspóndelle ós servizos de Inspección Educativa supervisar a elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan de Convivencia do Centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

Ó inicio de cada curso escolar revisarase o Plan de Convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia do Centro e incorporar ó Plan as propostas de mellora introducidas na Memoria do curso anterior.

Coma criterios de avaliación para avaliar o Plan Anual de Convivencia pódense ter en conta os recollidos no Anexo 15 do documento "Orientacións Plan de Convivencia".

Criterios	Alguns aspectos que hai que considerar
1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior.	1. Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados? 2. Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior? 3. Os obxectivos do plan de convivencia determínanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables?
2. Alcance do plan de convivencia.	1. Recolle valores e actitudes (acolliada, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, educación para a paz, inclusión, mediación, símbolos identitarios)? 2. Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)? 3. Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas)?
3. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia.	1. Alcanzáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia? 2. O plan de convivencia deu resposta a aspectos que inciden na convivencia escolar nos tres ámbitos de actuación (aula, centro e contorno)?
4. Renovación do plan de convivencia.	1. Existe un procedemento de renovación anual do plan de convivencia? 2. O plan avalíase anualmente e fanse propostas de mellora?
5. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia	1. Faise un seguimento periódico do plan? 2. As actividades desenvolvéronse coa temporización prevista? 3. O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados?
6. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.	1. Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos? 2. Cal é o grao de implicación do persoal de administración e servizos na prevención e resolución de conflitos? 3. Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación? 4. Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro?
7. Funcionamento da comisión de convivencia do centro.	1. Cantas veces se reuniu ao longo do curso? 2. Cales foron os principais temas tratados? 3. Realizou o seguimento do plan de convivencia? 4. Colaborou na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no centro?

<p>8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe a figura de coordinador da convivencia no centro? 2. Dáse resposta ás súas necesidades formativas? 3. Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia? 4. Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento na aplicación do plan de acción tutorial? 5. Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación e o EOE?
<p>9. Actividades formativas á comunidade educativa para mellora da convivencia.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia? 2. Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade educativa?
<p>10. Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen protocolos claros e definidos de actuación? 2. Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? 3. Existe un procedemento de actualización dos protocolos? 4. Os ditos protocolos son coñecidos e as versións actualizadas están á disposición de todos os membros da comunidade educativa afectados por eles?
<p>11. Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen protocolos claros e definidos de actuación? 2. Inclúen estes protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático? 3. Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? 4. Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa? 5. A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima?
<p>12. Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe un protocolo? 2. Hai profesorado nomeado especificamente para a organización e atención da aula de convivencia? 3. Está elaborado, e utilízase na aula de convivencia, un programa de habilidades sociais?
<p>13. Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe máis dun procedemento conciliado de resolución de conflitos de convivencia? 2. O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados?

	3. Cando se utilizaron os ditos procedementos, favoreceron a resolución do conflito?
14. Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen protocolos de actuación ante o absentismo e o abandono escolar temperán? 2. Existen mecanismos de detección temperá nos casos de desatención familiar ou situacións externas ao centro que teñan repercusión sobre a escolarización do alumnado? 3. Entre os obxectivos do plan de convivencia recóllese favorecer os cambios metodolóxicos que potencien o éxito académico? 4. Demandáronselles propostas de actuación para a mellora do éxito académico aos departamentos didácticos e á comisión de coordinación pedagóxica? 5. Os departamentos didácticos e a comisión de coordinación pedagóxica fixeron propostas neste sentido? 6. Desenvolvéronse accións específicas encamiñadas a favorecer a inclusión e a mellora da convivencia a través do éxito académico?
15. Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Está elaborado o programa de habilidades sociais? 2. Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá? 3. Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, educación en valores e habilidades sociais?
16. Valoración global da situación da convivencia escolar no centro.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Establecéronse mecanismos para medir o grao de satisfacción da comunidade educativa coa situación da convivencia no centro? 2. Cal é o grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa convivencia no centro? 3. Cales son as principais propostas de continuidade e mellora?

Para a avaliación final do Plan de Convivencia podemos tomar como referencia os aspectos que figuran no Anexo 16 do documento citando anteriormente, que se expoñen a continuación:

CRITERIO	PUNTUACIÓN	OBSERVACIÓNS
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>		
Alcance do plan de convivencia.		

<p><i>Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10</i></p>		
<p>Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. <i>Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10</i></p>		
<p>Renovación do plan de convivencia. <i>Non se renova: 0 Renóvase anualmente:10</i></p>		
<p>Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. <i>Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10</i></p>		
<p>Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. <i>Non hai implicación: 0 Implicación total: 10</i></p>		
<p>Funcionamento da comisión de convivencia do centro <i>Moi deficitario: 0 Excelente:10</i></p>		
<p>Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia <i>Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10</i></p>		
<p>Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia <i>Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10</i></p>		
<p>Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</i></p>		
<p>Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situación de acoso? <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</i></p>		
<p>Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i></p>		
<p>Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i></p>		
<p>Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i></p>		
<p>Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i></p>		
<p>Valoración global da situación de convivencia escolar no Centro. <i>Moi negativa: 0 Moi Positiva: 10</i></p>		

Anexo I: REXISTRO DE INCIDENCIAS

Día, hora e lugar dos feitos:
Profesorado presente:
Alumnado presente (Nome, Apelidos e Curso)
Incidente:
Antecedentes:
Medidas que se adoptan:
Resultados:

Asinado: